

A Vila como conxunto histórico artístico



Por Francisco Salvador Santiago López

Introducción

A declaración de Conxunto Histórico Artístico realizouse o 31 de xaneiro de 1984. Posteriormente fixose a realización do plan de reforma e protección interior do conxunto histórico artístico sendo éste o primeiro en levarse a cabo en toda a Comunidade Autónoma Galega.

A súa aprobación definitiva data do 24 de xullo de 1991 e nela figuran 74 edificios, tanto públicos como privados para, deste xeito, acadar a armonía expresada no mentado plan. Iso supón un grande esforzo económico nas dotacións de servizos urbanísticos e de imaxe do conxunto. Así pois, fixéronse obras consistentes na realización do pasamento de liñas aéreas a subterráneas; en suministro e información por parte do Concello de axudas oficiais encamiñadas a acadar as correspondentes subvencións para acometer obras de tratamento dispar nas edificacións; a recuperación de ruínas en tratamentos puntuais, estruturais, de ornato, etc.

Descrición do conxunto histórico artístico

Un paseo a pé, percorrendo as rúas de Corcubión, permite descubrir polo miúdo a histórica nobreza de moitas familias da vila, así como o encanto da arquitectura popular mariñeira de Galicia nas típicas casas de galerías e balcóns.

Na praza poden observarse algunhas edificacións de notable interese, como a chamada "Casa Miñones", levantada no ano 1899. Nela fúndense os caracteres da arquitectura tradicional galega cos rasgos de estilo modernista imperante naquel intre. Outro exemplo exposto é a vella Casa do Xulgado. No extremo septentrional atópanse tres pazos vilegos, residencia de rancias linaxes fidalgas (os Figueroa e Porrúa, Pose Bermúdez e Varela, Dios e Pose...) tal como delatan os brasóns dezaoitescos. A rente ubícase a Capela do Pilar construída en 1931, hoxe convertida en Auditorio Municipal.

Tras da Praza, na chamada "Horta de Pol", érguese o edificio do que fora a "Fundación José Carrera".

A rúa Antonio Porrúa é unha cotiá mostra do facer constructivo do estilo popular de finais do século pasado e principios do presente, non en van esta antiga "Rúa Real" foi ata 1860 a única vía de acceso á poboación, tendo o seu comezo no límite do Concello de